



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Bilingüismo e educación bilingüe

Materia	Bilingüismo e educación bilingüe			
Código	ODIEV01DIEH12001			
Titulación	Oferta de Materias Específicas de Departamentos para Alumnos ISEP, Erasmus e Visitantes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Rodríguez Yáñez, Xoan Paulo			
Profesorado	Rodríguez Yáñez, Xoan Paulo			
Correo-e	xoanp@uvigo.es			
Web	<a href="http://journals.equinoxpub.com/index.php/SS">http://journals.equinoxpub.com/index.php/SS</a>			
Descrición xeral	<p>Trátase de familiarizar ao alumnado co campo do bilingüismo e da educación bilingüe, así como coas numerosas ramificacións que o fenómeno do bilingüismo (incluíndo o plurilingüismo e o multilingüismo) posúe na vida cotiá da maior parte da poboación mundial.</p> <p>Os contidos, as prácticas e as lecturas estarán orientadas a capacitar ao alumnado para unha análise reflexiva da súa propia experiencia bilingüe (persoal, familiar, educativa, de parella, etc.) e a da súa contorna; tanto no seu país de orixe como a través da súa experiencia como aprendiz de linguas (L2, L3, L4, etc.) e, no caso concreto da súa estancia en Vigo, como aprendiz de español nunha situación de inmersión cultural.</p> <p>As pequenas tarefas de investigación desenvolvidas, contribuirán á sensibilización respecto das implicacións comunicativas, emocionais, identitarias, culturais e educativas que posúe un fenómeno de alcance crecente no mundo.</p>			

## Competencias

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
C15	Coñecemento das repercusións lingüísticas e interculturais do contacto de linguas.
C19	Capacidade para avaliar críticamente a bibliografía consultada e encadrala nunha perspectiva teórica.
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D5	Capacidade de xerar novas ideas.
D7	Apreciación da diversidade e a multiculturalidade.

D8 Habilidade para traballar de forma autónoma.

D10 Capacidade de análise e síntese.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Dotar ao alumnado dos conceptos e da terminoloxía técnica imprescindibles, habituais no campo de investigación do bilingüismo.	A1	B1	C5	D1
Capacitar ao alumnado para unha análise reflexiva da súa propia experiencia bilingüe (persoal, familiar, educativa, de parella, etc.) e a da súa contorna.	A2	B2	C15	D5
Capacitalo para reflexionar sobre a súa experiencia como aprendiz de linguas, tanto aquí en Vigo (nunha situación de inmersión cultural) como ao longo do seu itinerario vital e educativo.	A3	B6	C19	D7
Sensibilizar ao alumnado respecto das enormes implicacións comunicativas, emocionais, identitarias, culturais e educativas do fenómeno do bilingüismo.	A5	B9		D8
				D10

## Contidos

Tema	
1. O concepto de bilingüismo.	1.1 Concepto primario de bilingüismo e complexificación do mesmo. 1.2 Linguas primeiras e distribución interna das linguas nos bilingües. 1.3 A identidade emocional dos bilingües. 1.4 Tipos de bilingüismo.
2. Bilingüismo e comunicación intercultural.	2.1 A experiencia bilingüe como experiencia intercultural. 2.2 O biculturalismo. 2.3 ¿Que é adquisición cultural? ¿En que consiste aprender unha nova cultura? 2.4 A hibridación identitaria. 2.5 As parellas bilingües e/ou biculturales.
3. ¿Como falamos e simbolizamos as nosas emocións e identidades os bilingües?	3.1 ¿Que son as identidades conversacionais? 3.2 A esencial subxectividade da fala. 3.3 Pragmática da conversa bilingüe. 3.4 Os indicios de contextualización. 3.5 Principais estratexias discursivas (code-switching) na fala bilingüe. 3.6 Análise de casos.
4. Desenvolvemento das capacidades intelectivas nos bilingües.	4.1 O desenvolvemento da arbitrariedade lingüística en bilingües e en monolingües. 4.2 A atención selectiva. 4.3 A memoria e a intelixencia xeral. 4.4 A resolución das tarefas verbais. 4.5 Conciencia metalingüística en bilingües e en monolingües. 4.6 Bilingüismo e personalidade.
5. Bilingüismo e visión do mundo.	5.1 A hipótese Sapir-Whorf. 5.2 Relación entre as estruturas mentais (léxicas e gramaticais) dos bilingües e os seus sistemas de pensamento. 5.3 O peso do experiencial e da competencia comunicativa. 5.4 Análise de casos.
6. Adquisición bilingüe e bilingüismo familiar.	6.1 Socialización bilingüe infantil. 6.2 Socialización bilingüe adulta. 6.3 Etapas na adquisición bilingüe infantil. 6.4 Adquisición bilingüe fono-prosódica. 6.5 Adquisición bilingüe fonolóxica. 6.6 Adquisición bilingüe morfo-sintáctica. 6.7 Adquisición bilingüe léxico-semántica. 6.8 Adquisición bilingüe pragmático-conversacional.
7. A aprendizaxe de segundas linguas (L2, L3, L4, etc.).	7.1 Noción de linguas segundas. 7.2 Aprendizaxe regulada e aprendizaxe espontánea. 7.3 Fases na aprendizaxe de segundas linguas. 7.4 A aprendizaxe de linguas segundas como experiencia persoal. 7.5 Aprendizaxe de L2, L3, etc., en situacións de inmersión cultural (en Vigo, etc.).
8. Educación bilingüe e políticas lingüísticas.	8.1 O debate sobre a educación bilingüe. 8.2 Educación bilingüe e mantemento das linguas minoritarias. 8.3 O problema da lingua vehicular en clase de L2. 8.4 O uso estratéxico do code-switching en clases de L2 (translanguaging).

## Planificación

Horas na aula

Horas fóra da aula

Horas totais

Estudo de casos	16	27	43
Lección maxistral	32	25	57
Traballo	0	50	50

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos	Realizaranse prácticas en clases, en relación cos contidos do temario. Ditas prácticas servirán como base para a posterior realización en casa por parte dos alumnos, dos 3 pequenos traballos de curso que deberán entregar por escrito.
Lección maxistral	Explicaranse os contidos do temario e lanzaranse problemas ao aire para pensar colectivamente sobre eles, fomentando en todos os casos a participación directa dos alumnos e a exposición das súas experiencias bilingües e biculturais particulares (e iso en todos os temas da materia). A devandita diversidade de experiencias será utilizada como ferramenta constante de reflexión a medida que se expliquen os contidos.

### Atención personalizada

#### Metodoloxías Descrición

Estudo de casos O profesor estará a disposición dos alumnos (sexa en clase, sexa en titorías, ou vía electrónica) para solucionar calquera dificultade en relación coa materia, moi especialmente en relación coas prácticas de clase.

#### Probas Descrición

Traballo Os alumnos deberán entregar 3 pequenos traballos por escrito (impresos) ao longo do cuadrimestre. As datas de entrega son as seguintes: 19 de outubro (primeiro traballo); 16 de novembro (2º traballo); e 10 de decembro (3º traballo) de 2020. Os devanditos traballos estarán directamente baseados na experiencia persoal, vivida, que cada alumno posúe con linguas e culturas (e por tanto na reflexión analítica que ela permite, e que iremos pondo a punto en clase), así como nas explicacións teóricas e nas prácticas realizadas en clases.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	A asistencia e participación activa en clases computarase como o 25% da nota final (sendo o 75% restante a cualificación dos 3 traballos escritos de curso). Os alumnos deberán pois asistir a clase coa maior regularidade posible.	25	A1 B1 C5 D1 A2 B2 C15 D5 A3 B6 C19 D7 A5 B9 D8 D10
Traballo	Os alumnos deberán entregar 3 pequenos traballos por escrito (impresos) ao longo do cuadrimestre. As datas de entrega son as seguintes: 19 de outubro (primeiro traballo); 16 de novembro (2º traballo); e 10 de decembro (3º traballo) de 2020. Os devanditos traballos estarán directamente baseados na experiencia persoal que cada alumno posúe con linguas e culturas (e por tanto na reflexión analítica que tal experiencia permite, e que iremos pondo a punto en clase), así como nas explicacións teóricas e nas prácticas realizadas en clases.	75	A1 B1 C5 D1 A2 B2 C15 D5 A3 B6 C19 D7 A5 B9 D8 D10

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Primeira edición de Actas (xaneiro de 2021).

A avaliación (continua) realizarase segundo o detallado máis arriba. É obrigatorio entregar os 3 traballos (individuais e por escrito) previstos na avaliación. A nota final calcularase a partir das notas obtidas, aplicando as porcentaxes especificadas. O alumnado que non satisfacera debidamente as devanditas condicións (asistencia a clases e mais entrega de 3 traballos) nesta primeira edición de Actas (xaneiro de 2021), ha ser avaliado na segunda edición de Actas (xullo de 2021) mediante un exame baseado nos contidos da materia.

Recoméndase unha participación activa no desenvolvemento das clases, cousa que se traduce tanto na consulta de dúbidas coma nunha actitude participativa durante as clases -teóricas e prácticas- participación que se espera particularmente intensa.

En calquera dos casos, é responsabilidade do alumno manterse ó tanto do traballo na materia: datas de entrega dos 3

traballos de curso; lecturas e prácticas para clase entregados polo profesor (materiais que este ha deixar na fotocopiadora e mais en Faitic), etc.

Segunda edición de Actas (xullo de 2021).

O exame correspondente á segunda edición de Actas (xullo de 2021) ha ter lugar na data, hora e aula do calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade, e nel a avaliación levarase a cabo mediante un exame (teórico e práctico, incluídas as lecturas obrigatorias) sobre os contidos da materia. Naturalmente, só terán que presentarse a este exame aqueles alumnos que no teñan realizado un traballo abondo durante o curso.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Grosjean, François & Pavlenko, Aneta, [http://www.francoisgrosjean.ch/blog\\_en.html](http://www.francoisgrosjean.ch/blog_en.html),

Pavlenko, Aneta, <http://www.anetapavlenko.com/blog.html>,

Bilingual Family Newsletter, [http://www.multilingualmatters.com/bilingual\\_family\\_archive.asp](http://www.multilingualmatters.com/bilingual_family_archive.asp),

Appel, René & Muysken, Pieter, **Bilingüismo y contacto de lenguas**, (traducción al español), Ariel, 1987/1996

Baker, Colin & Prys Jones, Sylvia (eds.), **Encyclopedia of Bilingualism and Bilingual Education**, 1ª, Multilingual Matters, 1998

Grosjean, François, **Life with two languages. An introduction to bilingualism**, 1ª, Harvard University Press, 1982

Grosjean, François, **Bilingual: Life and Reality**, 1ª, Harvard University Press, 2010

Grosjean, François, **Bilinguismo. Miti e realtà**, (traducción al italiano), Mimesis, 2015

Grosjean, François, **Parler plusieurs langues. Le monde des bilingues**, 1ª, Albin Michel, 2015

Li Wei (ed.), **The Bilingualism Reader**, 1ª, Routledge, 2000

Siguan, Miquel, **Bilingüismo y lenguas en contacto**, 1ª, Alianza Editorial, 2001

Siguan, Miquel y Mackey, William F., **Educación y bilingüismo**, 1ª, Santillana/UNESCO, 1986

### **Bibliografía Complementaria**

Alfonzetti, Giovanna, **Il discorso bilingue**, 1ª, Franco Angeli, 1992

Auer, Peter & Li Wei (eds.), **Handbook of Multilingualism and Multilingual Communication**, 1ª, Mouton de Gruyter, 2007

Baker, Colin, **Fundamentos de bilingüismo y educación bilingüe**, (traducción al español), Multilingual Matters, 2001/2006

Belcher, Diane & Connor, Ulla (eds.), **Reflections on Multiliterate Lives**, 1ª, Multilingual Matters, 2001

Bhatia, Tej. K. & Ritchie, C. William (eds.), **The Handbook of Bilingualism**, 2ª, Blackwell, 2012

Contento, Silvana (a cura di), **Crescere nel bilinguismo. Aspetti cognitivi, linguistici ed emotivi**, 1ª, Carocci editore, 2016

Costa, Albert, **El cerebro bilingüe. La neurociencia del lenguaje**, 1ª, Debate, 2017

De Houwer, Annick & Ortega, Lourdes (eds.), **The Cambridge Handbook of Bilingualism**, 1ª, Cambridge University Press, 2019

García, Ofelia, **Bilingual education in the 21st century: A global perspective**, 1ª, Wiley-Blackwell, 2009

Jackson, Jane, **Language, identity and study abroad. Sociocultural perspectives**, 1ª, Equinox, 2008

Mahootian, Shahrzad, **Bilingualism**, 1ª, Taylor & Francis, 2019

Pavlenko, Aneta, **Emotions and multilingualism**, 1ª, Cambridge University Press, 2005

Pavlenko, Aneta, **Bilingual minds: Emotional experience, expression and representation**, 1ª, Multilingual Matters, 2006

Pavlenko, Aneta, **The bilingual mind and what it tells us about language and thought**, 1ª, Cambridge University Press, 2014

Piller, Ingrid, **Bilingual couples talk: The discursive construction of hybridity**, 1ª, John Benjamins, 2002

Romaine, Suzanne, **Bilingualism**, 2ª, Blackwell, 1989/1995

Mahootian, Shahrzad, **Bilingualism**, Taylor & Francis, 2019

Sánchez López, Mª Pilar y Rodríguez de Tembleque, Rosario, **El bilingüismo. Bases para una intervención psicológica**, 1ª, Síntesis, 1997

Saunders, George, **Bilingual children: From birth to teens**, 1ª, Multilingual Matters, 1988

Skutnabb-Kangas, Tove, **Bilingualism or not - The education of minorities**, 2ª, Multilingual Matters, 2007

Lorenzo Suárez, Anxo; Ramallo Fernández, Fernando e Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo (Editores-Fundadores, **Estudios de Sociolingüística**, Servizo de Publicacións, 2000-2006

Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo (Editor-in-Chief) [ata 2013, con F. Ramallo], **Sociolinguistic Studies**, Equinox Publishing, 2007-2019, etc.

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Comunicación intercultural/ODIEV01DIEH12004

## **Outros comentarios**

---

As clases impartiranse en español.

Recoméndase ter un nivel mínimo de lingua española, para poder seguir a materia con certo rendemento.

Con todo, o profesor procura adaptarse aos (moi) diferentes graos de competencia en español cos que inevitablemente se vai a atopar en clase.

Recoméndase encarecidamente o uso da nosa biblioteca e a realización das lecturas que ao longo do curso recomende o profesor.

É responsabilidade do alumno manterse ao tanto de cantos materiais vaia deixando o profesor na plataforma dixital Faitic (guía docente, guións temáticos, documentos con explicacións teóricas, documentos de lectura, traballos encargados, prazos de entrega dos mesmos, etc.).

---

## **Plan de Continxencias**

---

### **Descrición**

---

#### **MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS**

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

#### **EN CASO DE REPRODUCIRSE A ALERTA SANITARIA**

Manteranse as metodoloxías, os contidos, a avaliación e as titorías (pasando a realizarse a través das ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo, especialmente a través de Faitic e do correo electrónico).

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudantado permanecerá na clase, seguindo o resto do estudantado as clases dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono dependendo da ferramenta que mellor se adapte a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, adaptando os grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria.

---